

Consonte a alínea 103.3 das Normas de Xestión Académica, os Centros deberán comunicar ás unidades de xestión académica a convocatoria de premios extraordinarios antes do 15 de outubro. A Convocatoria Xeral de Matrícula establece un prazo xeral do 16 ó 30 de novembro para a inscrición no premio extraordinario.

Tendo en conta que a Facultade de Farmacia non publicou a Convocatoria de Premio Extraordinario correspondente ao curso 2004/2005 e non se produciron inscricións para concorrer ao mesmo, e á vista do informe do devandito Centro, cómpre autorizar de forma extraordinaria un prazo de inscrición para que os alumnos que reúnan os requisitos establecidos poidan concorrer ao dito premio extraordinario.

En consecuencia, esta **REITORÍA RESOLVE:**

UNICO.- Abrir un prazo de inscrición no Premio Extraordinario de Fin de Carreira correspondente ao curso 2004/2005 para os alumnos da Facultade de Farmacia do 1 ao 15 de febreiro de 2006.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2006

O REITOR




Senén Barro Ameneiro

SECRETARÍA XERAL - VICERREITORÍA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E
PROFESORADO - DECANATO DA FACULTADE DE MEDICINA E ODONTOLOXÍA -
SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SERVIZOS INFORMÁTICOS - DIRECTORA DA
OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA -
UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR